Part Two.

Chapter X: Cecil as a Humourist

Cecil como Humorista

A sociedade da que Cecil se propuña rescatar a Lucy era cicáis non demasiado espléndida, pero era máis espléndida do que a lexitimaban a ser os seus antecedentes. O seu pai, un próspero avogado local, construíra WIndy Corner como unha especulación no tempo en que o distrito comezou a abrirse, e namorado da súa propia creación, rematar por vivir aquí el mesmo. Pouco despois do seu matrimonio a atmósfera social comezou a alterarse. Outras casas foron construídas no cumio de aquela abrupta ladeira orientada ó sur e outras, ademáis, entre os piñeiros da parte de atrás, e hacia o norte no barrio de....da parte baixa. A maior paste de estas casas eran máis grandes que Windy Corner, e enchéronse de xente que viu, non dun distrito, senon de Londres, e que confundiu ós Honeychurch cos restos dunha aristocracia local. El estaba inclinado a asustarse, pero a súa muller aceptou a situación sen orgullo nin humildade. "Non podo pensar que está a facer a xente", dixo, "pero é extremadamente afortunado para os nenos". Ela chamaba a todas partes; e as súas chamadas eran devoltas con entusiasmo, e polo tempo en que a xente descubriu que non era exactamente do seu medio, xa lles gustaba, e o asunto non parecía ter importancia algunha. Cando o señor Honeychurch morreu, tivo a satisfacción- que poucos avogados honestos desprezan- de deixar á súa familia arraigada na mellor sociedade posible.

A mellor posible. Certamente moitos dos inmigrantes eran bastante estúpidos, e Lucy deuse conta vivamente disto desde o seu retorno de Italia. Ata aquela aceptara os seus ideais sen cuestionalos- a súa amable opulencia, a súa relixión tranquila, o seu desgusto polas bolsas de papel, as mondas de laranxa, e as botellas rotas. Unha radical empedernida, aprendeu a falar con horror dos suburbios. A vida, ata onde ela se preocupaba por concebila, era un círculo de xente rica, agradable, con idénticos intereses e idénticos inimigos. Neste círculo un pensaba, casaba e morría. Fóra había pobreza e vulgaridade intentando penetrar, tal como a néboa londinense intenta penetrar o manto de piñeiros a través dos claros nos outeiros do norte. Pero en Italia, onda calquera que elixas se considera a si mesmo en igualdade, como baixo o sol, esta concepción de vida esluiuse. Os seus sensos expandíronse; sentiu que non había ninguén que non debía gustarlle, que as barreiras sociais eran inamovibles, sen dúbida, pero non especialmente elevadas. Ti podías saltalas exactamente como saltas nunha agradable plantación de oliveiras nos Apeninos, e el está feliz de verte. Ela volveu cunha mirada renovada.

Así tamén o fixo Cecil; pero Italia urxira a Cecil non hacia a tolerancia, senon hacia a irritación. Viu que a sociedade local era estreita, pero, en vez de dicir, ¿ importa moito isto en realidade?, rebelouse, e intentou substituíla pola sociedade que él chamaba cosmopolita. Non se percatou de que Lucy consagrara o seu ambiente polas miles de pequenas amabilidades que crean a tenrura no tempo, e que inda que os seus ollos viran os seus defectos, o seu corazón rexeitaba desprezalos enteiramente. El non se percatou dun punto máis importante...que se ela era demasiado grande para esta sociedade, era tamén demasiado grande para toda sociedade, e acadara o estadio onde as relacións personais podían somentes satisfacela. Era unha rebelde, pero non da clase que el comprendía...unha rebelde que desexaba, non unha habitación máis ampla para vivir, senon a igualdade ó carón do home que amaba. Porque Italia ofrecéralle a máis preciosa de todas as posesións....a súa propia alma.

Estaban xogando con Minnie Beebe- a sobriña do rector, unha rapariga de trece anos - ó bumble-puppy...un antigo e moi honorable xogo, que consiste en lanzar as pelotas de tenis moi altas ó aire, de modo que pasan sobre a red e botan inmoderadamente; algunha delas golpeou á señora Honeychurch. Outras se perderon. A escea é confusa, pero é a que mellor ilustra o estado da mente de Lucy, que estaba ó mesmo tempo tentando falar co señor Beebe.

"Oh, foi un fastidio tremendo...primeiro el, despois eles- ningúen sabía que quería, e todo o mundo era tan aburrido".

"Pero eles veñen en camiño agora", dixo o señor Beebe. "Escribínlle á señorita Teresa fai uns poucos días...ela estaba preocupada pola frecuencia na que ven o carniceiro, e a miña resposta- unha vez o mes- debeu impresionala favorablemente. Elas veñen en camiño. Eu oínllo esta mañán."

"¡Debería odiar a esas Señoras Alans!", exclamou a señora Honeychurch. "Só porque son vellas e tontas espérase que se diga "qué agradables!" Aborrezo os seus "se ..." e os seus "pero..." e os seus "e".... E a pobre Lucy...o merece...**"non é máis que unha sombra de sí mesma"**

O señor Beebe observaba a sombra correndo e berrando sobre o campo de tenis. Cecil estaba ausente...non se xogaba ó bumble-puppy cando estaba presente.

"Ben, se elas veñen en camiño...non, Minnie, Saturno non". Saturno era unha pelota de tenis que tiña o forro parcialmente descosida. Cando estaba en movimento a súa órbita ía circundada por un anel. "Se están en camiño, Sir Harry lles permitirá instalarse antes do vintenove e borrará a clásula sobre o branqueamento dos teitos, que as pon nervisosas, e porá unha sobre o bo uso e o desgaste....Esa non conta. Díxenche que Saturno non"

"Saturno é completamente adecuada para o bumble-puppy", berrou Freddy, uníndose a eles. "Minnie, non lle fagas caso".

"Saturno non bota"

"Saturno bota o suficiente"

"Non o fai"

"Ben: el bota mellor que O belo diaño branco"

"Silencio, queridos", dixo a señora Honeychurch

"Pero mira Lucy...queixándose de Saturno, e todo o tempo co Belo diaño Branco na súa man, disposta a introducilo. Así me gusta, Minnie, ve por ela...dálle nas canelas coa raqueta...¡dálle nas canelas!

Lucy caeu, e o Belo diaño Branco rodou da súa man.

Mr Beebe recolleuno, e dixo: " O nome de esta pelota é Vittoria Corombona, por favor". Pero a súa corrección pasou inadvertida"

Freddy posuía en alto grao o poder de desatar a furia das rapazas, e en medio minuto transformara a Minniu dunha mociña de bos modais nun salvaxe furacán. Enriba na casa Cecil escoitounos, e, inda que viña cargado de noticias divertidas, non baixou a compartilas por se saía ferido. Non era un covarde e soportaba a dor necesaria tanto como calquera home. Pero odiaba a violencia física dos xoves. ¡Qué razón tiña! Como era previsible rematou en pranto.

"Desexaría que as señoras Alans puideran ver isto", observou o señor Beebe, xusto cando Lucy, que estaba atendendo á inxuriada Minnie, foi á súa vez tirada ó chan polo seu irmán.

"¿Quen son as señoras Alans?", bafexou Freddy

"Elas adquiriron Cissie Villa"

"¿Ese non é o apelido...?"

Aquí os pes lle cederon, e todos caeron sobre a herba da forma máis agradable. Sucedeu unha pausa.

¿Non era qué nome?, preguntou Lucy, coa cabeza do seu irmán no colo.

"Alan non era o nome da xente que Sir Harry alugaba..."

"¡Non digas tonterías, Freddy!Ti non sabes nada sobre iso."

"¡Non digas tonterías ti! Acabo de velo agora mesmo. Díxome:" ehemp! Honeychurch, "...Freddy era un imitador mediocre..."ahem! ahem! Finalmente procurei uns alugueiros totalmente convintes. Eu díxenlle, "iso lle honra, home ...." e deille nas costas.

"Exactamente, ¿as señoritas Alans?"

"Non. Era algo máis parecido a Anderson"

"Ou, ceo santo, aquí vai haber outro enredo!, exclamou a señora Honeychurch. ¿Dáste conta, Lucy, eu sempre teño razón? Díxenche que non interferiras no de Cissie Villa. Eu sempre teño razón. A miúdo síntome amolada de ter sempre razón."

"É só outra confusión de Freddy. Freddy non sabe o nome da xente que asegura que foi alugada.

"Si que o sei. Xa o teño. Emerson"

"¿Que nome?"

"Emerson. Aposto o que ti queiras"

"Que tarabelo é Sir Harry", dixo Lucy tranquilamente. "Desexaría non terme preocupado nunca de nada..."

Entón tendeuse de costas e contemplou o ceo sen nubes. O señor Beebe, que tiña unha opinión dela máis alta cada día, borboriñoulle á súa sobriña que aquela era a forma apropiada de comportarse cando ocorría algún pequeno contratempo"

Mentrestanto o nome dos novos alugueiros distraera á señora Honeychurch da contemplación das súas propias habilidades.

"¿Emerson, Freddy? ¿Sabes que Emersons son?

"Non sei se hai Emersons de ningún tipo", respostou Freddy, que era democrático. Como a súa irmá e como a maioría da xente nova, estaba espontáneamente atraído pola idea de igualdade, e o feito innegable de que había diferentes clases de Emerson amolouno máis alá do normal.

"Confío que sexan a clase correcta de persoas. Moi ben, Lucy", dixo sentando de novo..."Véxote enrugando o nariz e pensando que a túa nai é unha snob. Pero hai unha clase correcta e unha clase mala , é afectación pretender que non é así"

"Emerson é un nome suficientemente común", sinalou Lucy

Ela miraba noutra dirección. . Sentada nun promontorio, podía ver os outeiros cubertos de piñeiros descendendo alá lonxe no Weald. Na zona máis lonxana descendía o xardín, a súa visión máis gloriosa era esta lateral.

"Eu simplemente ía sinalar, Freddy, que espero que non teñan relación con Emerson o filósofo, un home do máis pesado. ¿Estas satisfeito?"

"Oh, yes," he grumbled. "And you will be satisfied, too, for they're friends of Cecil; so--elaborate irony--"you and the other country families will be able to call in perfect safety."

"Ou, si", refungou el. "E ti estarás satisfeita tamén, porque son amigos de Cecil; así que- con elaborada ironía...- ti e as outras familias poderedes visitalos en perfecta seguridade"

"¿Cecil?", exclamou Lucy

"Non sexas maleducado , querido", dixo a súa nai plácidamente. "Lucy, non rinches. É un novo mal hábito no que estás caendo"

"But has Cecil--"

"Pero Cecil..."

"Amigos de Cecil"", repetiu el, " e por iso realmente convintes. Ahem! Honeychurch, acabo de telegrafiarlles"

Ela ergueuse da herba.

Foi duro para Lucy. Mr Beebe simpatizou moito con ela. Mentres cría que o desaire que sufrira sobre as señoritas Alans viñera de Sir Harry Otway, comportárase como unha boa rapaza. Ela debía rinchar lexítimamente cando escoitou que viñera en parte por culpa do seu amante. O señor Vyse era un bromista. ...algo peor que un bromista: atopaba un malévolo pracer en frustrar á xente. O clérigo, sabendo isto, mirou á señorita Honeychurch con maior amabilidade da habitual nel.

Cando ela exclamou, "Pero os Emerson de Cecil...non pode ser posible que sexan os mesmos....hai que"...el non considerou que a exclamación fora estraña, pero viu nela unha oportunidade de desviar a conversa mentres ela recuperaba a composturaba. El desviouna do seguinte modo:

"¿Os Emerson que estaban en Florencia, queres dicir? Non, creo probable que sexan eles. Os amigos do señor Vyse teñen que ser moi distintos daqueles.Oh, señora Honeychurch, ¡a xente máis extraña! ¡a xente máis rara! Pero máis alá diso gustábannos, verdade?" El dirixírase a Lucy. "Houbo unha gran escea con violetas. Recolleron violetas e encheron con elas todos os floreiros da habitación das mesmas señoritas Alans que ían vir a Cissie Villa. ¡Pobres damas! Estaban tan impresionadas e agradecidas. Soía ser unha das grandes historias da señorita Catharine. "A miña querida irmá ama as flores", comezaba. Atoparon a habitación enteira convertida nunha masa azul- floreiros e xarros- e a historia termina cun " tan pouco cabaleiroso e aínda así tan fermoso". É todo moi difícil. Si, eu sempre conecto estos Emerson florentinos coas violetas.

"Fiasco xogoucha esta vez", sinalou Freddy, sen advertir que o rostro da súa irmá estaba moi vermello. Non podía recobrarse. O señor Beebe percibiuno, e continuou para desviar a conversa.

"These particular Emersons consisted of a father and a son--the son a goodly, if not a good young man; not a fool, I fancy, but very immature--pessimism, et cetera. Our special joy was the father--such a sentimental darling, and people declared he had murdered his wife."

"Estos Emerson en particular consistían nun pai e nun fillo...o fillo bó mozo, se non un bó rapaz; non un tonto, maxino, pero moi inmaduro...pesimista, etcetera. A nosa xoia especial era o pai...un tenro sentimental, e a xente afirmaba que asesinara á súa muller".

En condicións normais o señor Beebe nunca tería repetido un rumor semellante, pero estaba tentando amparar a Lucy no seu pequeno problema. Repetiría calquera tontería que lle viñera á mente"

"¿Asasinado á súa muller?", dixo a señora Honeychurch."Lucy, non nos deixes...continúa xogando ó bumble-puppy. Realmente, a pensión Bertolini debía ser o lugar máis extraño. Ese é o segundo asasinato que escoitou tivo lugar alí. ¿Qué estaba pensando Charlotte para parar alí? Por certo, nos debemos pedirlle a Charlotte que veña pasar aquí algún tempo".

O señor Beebe non podía recordar ningún segundo asasino. El suxeriu que a súa anfitriona estaba equivocada. Ó amago de oposición ela acalorouse. Estaba perfectamente segura de que había un segundo turista do que lle contaran a mesma hisoria. O nome se lle esacapaba. ¿Cal era o nome? Ou, ¿cal era o nome? Ela abrazou as seus xeonllos no esforzo por recordalo. Algo como Thackeray. Enrugou a súa fronte de matrona.

Lucy preguntoulle ó seu irmá se Cecil estaba dentro.

"Ou, ¡non vaias!", exclamou el, e intentou agarrala polos nocellos.

"Debo ir", dixo ela gravemente. "Non sexas estúpido. Sempre esaxeras cando xogas".

Cando ela os deixou o berro da súa nai de "Harris! estremeceu o tranquilo aire, e recordoulle que dixera unha mentira á súa nai que nunca desfixera. Unha mentira estúpida, que acabara cos seus nervios e a fixera conectar estos Emerson, amigos de Cecil, cun par de turistas anónimos. Ata entón a verdade viña a ela de forma natural. Advertiu que para o futuro debía estar máis atenta, e ser...¿absolutamente sinceira?. Ben, a todos os efectos, ela non debía dicir mentiras. Apresurouse a ascender o xardín, aínda enrubescida pola vergoña. Unha palabra de Cecil a tranquilizaría, estaba segura.

"¡Cecil!"

"¡Hello!", chamou el, e saiu á ventá da sala de fumar. Parecía animado. "Estaba esperando que viñeras. Escoitevos a todos no xardín, pero era mellor divertirse aquí enrriba. Eu, incluso eu, gañei unha gran victoria pola Musa da comedia. George Meredith está no certo...a causa da Comedia e a Causa da verdade son verdadeiramente a mesma; e eu, incluso eu, atopei alugueiros para a miserenta Cissie Villa. ¡Non te enoxes!¡Non te enoxes! Perdoarásme cando oias todo"

Parecía moi atractivo cando a súa cara estaba iluminada, e disipou dunha vez os seus ridículos presentimentos.

" Escoiteino", dixo ela. "Freddy nolo dixo. ¡O pillabán de Cecil! Supoño que debo perdoarte. ¡Só pensa en todas as molestias que me tomei para nada! Certamente as señoritas Alans son un pouco

aburridas, e estarei bastante feliz de que sexan amigos teus. Pero ti non debes gastarme estas bromas.

"¿Amigos meus?", riu el. "Pero, Lucy, toda a diversión está por vir! Ven aquí". Pero ela permaneceu de pe onde estaba. ¿Sabes onde coñecín esos alugueiros tan convintes ? Na National Gallery, cando fun a ver á miña nai a semana pasada".

"¡Qué extraño lugar para coñecer xente!", dixo ela nerviosamente. "Eu non o entendo por completo"

"Na sala dos Umbrios. Absolutamente extraños. Estaban admirando a Luca Signorelli- por suposto, de forma totalmente estúpida. Sen embargo, nós entramos en conversa e eles refrescáronme...un pouco. Estiveron en Italia"

"Pero, Cecil--" comezou ela con hilaridade

"No curso da conversa dixeron que querían unha casa de campo...o pai para vivir aquí, o fillo para pasar os fins de semana. Pensei, "¡qué oportunidade de marcar un tanto a Sir Harry!" e tomei a súa dirección e unha referencia súa en Londres, descubrindo que eles non eran en realidade uns pillos- foi moi divertido- e escribínlles.

Cecil! Non, isto non está ben. Eu probablemente os teño coñecido antes..."

El non lle prestou atención.

Perfectamente ben. Calquera cousa que castigue a un snob é boa. Ese ancián fará da veciñanza un mundo de bondade. Sir Harry era demasiado molesto coas súas "aristócratas decadentes". Quería darlle unha lección algún día. Non, Lucy, as clases deben mesturarse, e en pouco tempo ti estarás dacordo comigo. Deben haber matrimonios mixtos...toda sorte de cousas. Eu creo na democracia...".

"Non, non o sabes" respondeu ela con brusquidade. "TI non sabes o que a palabra significa"

He stared at her, and felt again that she had failed to be Leonardesque. "No, you don't!"

El a mirou en fite, e sentiu de novo que ela fracasara en ser leonardesca. "¡Non, non o sabes!". A súa cara era pouco artística....o dunha cansa virago.

"Non está ben, Cecil. Eu o reprobo...o reprobo realmente moito. Ti non tiñas por que desfacer o meu traballo polas señoras Alans, e facerme quedar en ridículo. Chamas a isto marcar un tanto a SIr Harry, pero non te das conta de que o fas á miña costa? O considero do máis desleal pola túa parte.

Ela marchou.

"¡Qué xenio!", pensou, alzando as cellas.

Non, era peor que mal xenio...era snobismo. Mentres Lucy pensara que os seus elegantes amigos ían ser os que suplantaran ás señoritas Alan, non lle importara. El percibiu que esos novos alugueiros terían un valor educacional. Toleraría ó pai e faría falar ó fillo, que era silencioso. En interese da Musa da Comedia e da Verdade, os traería a Windy Corner.